



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ NA
CONCESIÓN SERVIZO PUBLICO, DA PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA,
TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DA
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO.**

I.- OBXECTO, FORMA E PROCEDEMENTO DO CONTRATO.

1.- É obxecto deste contrato establece-la xestión dos servizos públicos de prerrecollida, recollida, transporte a Complexo Medioambiental do Morrazo e transferencia en dita instalación dos residuos sólidos urbanos dos concellos de Bueu, Cangas e Moaña integrados na Mancomunidade de Concellos do Morrazo, e a redacción do proxecto e execución das actuacións a realizar para a utilización do Complexo Medioambiental de RSU da Mancomunidade do Morrazo como base das operacións para o correcto desempeño da concesión , coa extensión alcance e limitacións que se establecen neste prego e no de prescricións técnicas.

2.- Os servizos obxecto de contratación se prestan por concesión administrativa mediante procedemento aberto.

3.- En canto ó ámbito territorial e funcional dos servizos referidos nos precedentes apartados, se estará ó que ó respecto se establece no prego de condicións técnicas.

II.-NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A efectos do réxime xurídico da presente concesión deberanse ter en conta, entre outras, as disposicións legais ou regulamentarias que a continuación se especifican:

- Lei 7/85 de 18 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril.

- Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de xullo de 1955.

- Programa de acción medioambiental, Directiva 94/62/CEE de 20 de decembro da Unión Europea.

- Lei 11/97, de 24 de abril de Envases e Residuos de e seu Regulamento de desenvolvemento e execución.

- Lei 1/95 de 2 de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia.



- Lei 10/97, de 22 de agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia.
- Lei 10/98 de 21 de abril de Residuos.
- Lei 10/2008 de 3 de novembro de Residuos de Galicia
- Plan Nacional de Residuos Urbanos de 5 de xaneiro de 2000 do Ministerio de Medio Ambiente.
- Lei 31/95 de Seguridade e Hixiene no Traballo e de Prevención e Riscos Laborais e os seus regulamentos de execución.
- Calquera outra disposición legal aplicable.

III. NATUREZA, PRERROGATIVAS E XURIDISCCION COMPETENTE.

1.- O presente contrato ten natureza administrativa e tipifícase como contrato de concesión para a explotación do servizo público de acordo co previsto nos artigos 8 e 255-257 da LCSP, artigos 114 e seguintes do Regulamento de Servizos das corporacións locais e demais normativa legal ou regulamentaria de aplicación.

2.- O órgano de contratación, é dicir, a Xunta da Mancomunidad, ostenta as prerrogativas de interpreta-lo contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o cumprimento, modifícalo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e os efectos desta.

3.- A orde xurisdiccional contenciosa administrativa será a competente para resolve-las controversias que xurdan entre as partes, unha vez esgotada a vía administrativa.

IV.- PREZO DO CONTRATO:

1. O prezo máximo parcial por ano do contrato será de UN MILLON NOVECIENTOS TRINTA E OITO MIL NOVENTA E SEIS EUROS con VINTE CÉNTIMOS (1.938.096,20) mais o IVE aplicable que actualmente é o sete por cento, CENTO TRINTA E CINCO MIL SEISCIENTOS SESENTA E SEIS EUROS con SETENTA E TRES CÉNTIMOS (135.666,73 €), o que totaliza DOUS MILLONS SETENTA E TRES MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS con NOVENTA CÉNTIMOS (2.073.762,90 €).

2. Tendo en conta o carácter plurianual do gasto, a súa autorización subordínase ó crédito que para cada exercicio terá que consignar nos respectivos orzamentos procedentes das transferencias dos concellos á Mancomunidad de Concellos do Morrazo de acordo co artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de reguladora de Facendas Locais.,



En consecuencia o presente gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Nos orzamentos da Mancomunidade para o exercicio 2009, ou na prórroga do do 2008 de ser o caso, recollerase a existencia de crédito suficiente con cargo á partida específica consignada no mesmo.

O servizo finánciase coa recadación da taxa polos servizos e actividades relacionados coa hixiene pública nos termos indicados na Ordenanza Fiscal, e de non resultar suficiente a mesma completárase cas achegas dos Concellos integrantes da Mancomunidade

V.- CANON

1.- Os licitadores deberán ofertar un canon de explotación que comprenderá en concepto da venda de subprodutos derivado da recollida polo importe de SETENTA E CINCO MIL EUROS/ANO (75.000,00) **mais o correspondente IVE.**

Dito canon, capitalizado pola duración total do contrato, deberá facerse efectivo en dous pagos:

- O 40 % á sinatura do contrato.
- O 65 % ó cumprimento do primeiro ano de execución do contrato, computado dende a súa sinatura.

A Mancomunidade, autoriza ao contratista a venda dos subprodutos da recollida, sempre que o seu destino sexa a entrega a xestor autorizado, entrada nunha cadea de reciclaxe ou súa reutilización.

2.- O contratista abonará a cantidade de **CEN MIL EUROS (100.000)** mais o IVE aplicable pola maquinaria e vehículos da anterior concesión, que poderá aboarse mediante compensación ca primeira e segunda factura da primeira anualidade do contrato.

3.- A mancomunidade cede ao contratista durante os oito primeiros exercicios a utilización do vehículo marca Renault MIDLUM 240.16, con caixa VALUEPACK 1222, con número de bastidor VF6444AHL000003578, matrícula 6119 GJW, de titularidade desta entidade para os traballos encomendados nesta concesión. Todos os gastos de mantemento, reparacións, taxas, impostos, sancións de tráfico, seguros, etc, son de conta do contratista. O contratista poderá optar entre aboar a valoración de dito vehículo, valorado en cento vinte mil euros (120.000,00) á sinatura do contrato ou por substituír dito vehículo por outro novo de similares características, ó termo da concesión, non incrementándose por este motivo o prezo do contrato. O contratista deberá sinalar dita opción na súa oferta.



VI.- REVISIÓN DE PREZOS.

A revisión de prezos terá lugar transcorrido o primeiro ano de prestación efectiva do servizo.

O método de cálculo da revisión establécese pola aplicación do IPC nacional no período comprendido dende a finalización do primeiro ano ata os doce meses seguintes.

En virtude do disposto no artigo 78.3 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, a revisión non poderá superar o 85% da variación experimentada polo índice sinalado.

VII.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento do prezo do contrato aboaráselle ó adxudicatario fracionadamente por mensualidades vencidas mediante a presentación de factura á que se lle achegará os TCs correspondentes na que figurará engadido todo o persoal adscrito ó servizo.

2.- A Mancomunidad terá a obrigaón de aboar o prezo dentro dos sesenta días seguintes á data de presentación das facturas no rexistro da Mancomunidad segundo o disposto no artigo 200.4 do LCSP.

3.- Os pagos realizados teñen o carácter de a boa conta e en ningún caso significan conformidade cos vicios, defectos ou anomalías ocultas que poda ter a prestación dos servizos polo contratista durante os períodos facturados.

VIII.- PRAZO DO CONTRATO.

1.- A duración do prazo contractual será de 8 anos contados desde o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se subscriba o documento formalizador do contrato, sen que se inicie antes do un de xaneiro do ano 2010.

2.- O prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a tramitación do expediente de contratación do novo servizo non estivese rematada ó vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga prevista se materialice mediante o correspondente acordo da Xunta da Mancomunidad, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente ós custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ó contrato por estar estes totalmente recuperados e esgotada a súa vida útil. Esta redución comezará a devengarse o primeiro día no que a prórroga entre en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente ós gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións.



3.- A prestación do servizo comezará no prazo que se fixa no apartado primeiro desta cláusula.

Establécese un prazo máximo de 6 meses contados desde a data de inicio do contrato no que a concesionaria poderá utilizarlos medios técnicos actuais, transcorrido este período terá que estar incorporado ó servizo a totalidade dos medios propostos na súa oferta,

IX.- MEDIOS HUMANS.

1. Os concursantes indicarán nas súas ofertas o número e categoría laboral das persoas que, no caso de resultar adxudicatarios, destinarán á prestación dos servizos obxecto do contrato en concordancia co establecido no prego de condicións técnicas, facendo distribución do número de persoas por servizo (recollida, tratamento,...etc.).

2.- En todo caso, o adxudicatario estará obrigado a subrogarse no persoal que actualmente presta os seus servizos á empresa contratista, cuxos datos se recollen no prego de condicións técnicas, nas condicións que se sinalen no contrato en vigor nese intre. Todo o persoal que execute as prestacións dependerá unicamente do contratista a tódolos efectos, sen que entre iste ou aquel e a Mancomunidad exista vínculo ningún de dependencia funcional nin laboral. Durante a vixencia do contrato calquera substitución ou modificación daquelas persoas deberá comunicarse previamente á Mancomunidad e acreditar que a súa situación laboral axústase a dereito.

O concesionario asumirá respecto dos traballadores as obrigas laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde laboral, así como no seu caso fiscais, resultándolle de aplicación o Convenio colectivo suscrito, tanto o persoal subrogado como o de nova contratación.

3.- O concesionario asumirá a subrogación do persoal actualmente adscrito e que se relaciona no anexo número 1 do prego de condicións técnicas con expresión de categoría, antigüidade e retribucións en tódolos conceptos.

4.- O concesionario designará unha persoa responsable con adicación exclusiva ó servizo para a boa marcha dos traballos, facendo de enlace cos correspondentes servizos da Mancomunidad e garantirá, en todo momento, a presenza dun técnico superior en prevención de riscos laborais, entre o persoal responsable.

5.- O concesionario estará obrigado a presentar mensualmente os documentos acreditativos de ter satisfeitas as cotas á seguridade social da integridade do cadro de persoal da empresa, e en todo caso cando o solicite a administración.

X.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.



Terán capacidade para contratar, as persoas físicas e xurídicas que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución deste, sempre que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen nalgunha das prohibicións que sinala os artigos 43 e 49 da LCSP en a súa solvencia económica, financeira e técnica.

XI.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN.

Respecto da cesión e subcontratación estarase ó previsto nos artigos 209, 210, 211 e 265 do LCSP.

XII.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidad, Concello de Cangas, Sede da Mancomunidad de 9 a 14 horas, de luns a venres, ou por calquera outra forma legalmente determinada, dentro do prazo dos **trinta (30) días naturais** seguintes á inserción do último anuncio de licitación a publicar no, DOG e BOP.

O Rexistro Xeral facilitará un recibo por cada proposición entregada.

XIII.- PROPOSICIÓNS E MODELO.

As propostas presentaranse en tres sobres pechados, e deberán seren lacrados e precintados e levarán inscritos no anverso os seguintes datos:

“PROPOSICIÓN PARA PARTICIPAR NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS SERVIZOS DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOS CONCELLOS DE BUEU, CANGAS E MOAÑA DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO.

Nome do contratista.

Dirección, teléfono e fax.

Lugar, data e sinatura do licitador.

Sobre 1, titulado "Documentación administrativa", conterá o seguinte:

I.-Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario.

a) Documento nacional de identidade da persoa asinante da proposición.

b) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á legislación mercantil que lle sexa aplicable. De non selo, escritura ou documento de constitución, modificación,



estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF) debidamente compulsada.

c) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa legislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

d) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espacio Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedentes de acordo coa legislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 17 LCSP).

e) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán justificar mediante informe emitido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

f) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante.

II.- Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.

III.- Poderes



a) Escritura de poder notarial se actúa en representación doutra persoa, debidamente bastantada polo secretario da Mancomunidade ou funcionario habilitado, con anterioridade á data de fin de prazo de presentación de proposicións.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

b) Declaración responsable do licitador, co seguinte contido:

1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 49 e 130.1. c) da Lei de Contratos do Sector Público.

2.- Estar ó corrente de pagamento do imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ó imposto regulamentadas polo Real Decreto 1175/1990, co fin de verificar que os licitadores estean dados de alta na actividade concreta ou específica que resulta do obxecto do contrato.

3.- Estar ó día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 7 ó 10 do Real Decreto 390/1996 de 1 de marzo.

4.- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas de seguridade social co alcance previsto nos artigos 8 a 10 do Real Decreto 390/1996 de 1 de marzo.

c) A solvencia económica e financeira acreditarase da forma prevista no artigo 64 LCSP

1. La solvencia económica y financiera del empresario podrá acreditarse por uno o varios de los medios siguientes:

1.1 Declaraciones apropiadas de entidades financieras o, en su caso, justificante de la existencia de un seguro de indemnización por riesgos profesionales.

1.2 Las cuentas anuales presentadas en el Registro Mercantil o en el Registro oficial que corresponda. Los empresarios no obligados a presentar las cuentas en Registros oficiales podrán aportar, como medio alternativo de acreditación, los libros de contabilidad debidamente legalizados.

1.3 Declaración sobre el volumen global de negocios y, en su caso, sobre el volumen de negocios en el ámbito de actividades correspondiente al objeto del contrato, referido como máximo a los tres últimos ejercicios disponibles en función de la fecha de creación o de inicio de las actividades del empresario, en la medida en que se disponga de las referencias de dicho volumen de negocios.

2. Si, por una razón justificada, el empresario no está en condiciones de presentar las referencias solicitadas, se le autorizará a acreditar su solvencia económica y financiera por medio de cualquier otro documento que se considere apropiado por el órgano de contratación.



d) A solvencia técnica ou profesional deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, circunstancias que poderán acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios sinalados no artigo 67 LCSP:

1.- Una relación de los principales servicios o trabajos realizados en los últimos tres años que incluya importe, fechas y el destinatario, público o privado, de los mismos. Los servicios o trabajos efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos o visados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público o, cuando el destinatario sea un sujeto privado, mediante un certificado expedido por éste o, a falta de este certificado, mediante una declaración del empresario; en su caso, estos certificados serán comunicados directamente al órgano de contratación por la autoridad competente.

2.- Indicación del personal técnico o de las unidades técnicas, integradas o no en la empresa, participantes en el contrato, especialmente aquéllos encargados del control de calidad.

3.- Descripción de las instalaciones técnicas, de las medidas empleadas por el empresario para garantizar la calidad y de los medios de estudio e investigación de la empresa.

4.- Cuando se trate de servicios o trabajos complejos o cuando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado por el órgano de contratación o, en nombre de éste, por un organismo oficial u homologado competente del Estado en que esté establecido el empresario, siempre que medie acuerdo de dicho organismo. El control versará sobre la capacidad técnica del empresario y, si fuese necesario, sobre los medios de estudio y de investigación de que disponga y sobre las medidas de control de la calidad.

5.- Las titulaciones académicas y profesionales del empresario y del personal directivo de la empresa y, en particular, del personal responsable de la ejecución del contrato serán acorde o cargo a desempeñar y en tódolos casos será necesaria a acreditación de experiencia nun posto similar..

6.- En los casos adecuados, indicación de las medidas de gestión medioambiental que el empresario podrá aplicar al ejecutar el contrato.

7.- Declaración sobre la plantilla media anual de la empresa y la importancia de su personal directivo durante los tres últimos años, acompañada de la documentación justificativa correspondiente.

8.- Declaración indicando la maquinaria, material y equipo técnico del que se dispondrá para la ejecución de los trabajos o prestaciones, a la que se adjuntará la documentación acreditativa pertinente.

9.- Indicación de la parte del contrato que el empresario tiene eventualmente el propósito de subcontratar.



- Especialidades en relación coas unións temporais de empresarios.

1.- Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acredita-la súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores.

En todo caso, ós efectos de acredita-la solvencia económica, financeira e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos de recollida de lixo.

2.- Será necesario presenta-lo documento acreditativo do nomeamento dun representante ou apoderado único con bastantes facultades para exerce-los dereitos e cumpri-las obrigas derivadas do contrato.

3.- Só no caso de resultar adxudicataria a unión, deberá de acredita-la súa constitución en escritura pública. Sen embargo, esto, deberán aporta ó acto de licitación o proxecto e estatutos polo que se deberá de rexe-la UTE.

No caso de que a empresa concurra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o artigo 129 LCSP presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

.- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas.

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 303 LCS, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen perxuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

.- Autorización para a cesión de información

.- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numéricamente.

Tódolos documentos citados terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas notarialmente ou polo Secretario Xeral da Mancomunidad ou funcionario habilitado ó efecto, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.



Sobre 2 titulado: "Documentación técnica", conterà a seguinte:

Nas propostas de participación admitirase calquera variante que redunde nun mellor e mais económico servizo (recollida lateral, soterrada, neumática, etc...), valorándose positivamente aquelas ofertas que presenten maquinaria e vehículos con tecnoloxías innovadoras e/ou respetuosas co medio ambiente.

1. Organigrama da totalidade do persoal que conforma os servizos obxecto deste prego, con expresión de categoría e posto de traballo por servizo, incluíndo persoal directivo, de oficina e do complexo medioambiental e calculando as baixas, vacacións, absentismo ou outras situacións que puideran producirse, así como o tempo de formación.
2. Modelo de póliza de responsabilidade civil específicas para este contrato.

Para cada un dos elementos que compoñen o contrato deberá presentar a seguinte documentación:

3. Proxecto de Prerrecolida, Recollida e Transferencia de RSU.

Conterà, como mínimo, a seguinte información:

DESCRICIÓNS DOS SERVIZOS:

- Metodoloxía a empregar en cada operación.
- Persoal necesario, con inclusión do persoal de reforzo. Incluirá organigrama específico para o servizo con categoría e posto.
- Medios técnicos con características e rendementos.
- Relación dos vehículos, con detalle, para cada un, das súas características de motor, potencia, consumo, capacidade, dimensións, emisión de ruídos, emisión de gases, así como calquera outro que puidera resultar de interese, así como o correspondente plan de mantemento. Deberá achegar deseño, planos, debuxos ou fotografías de cada vehículo cos seus elementos co obxecto de acadar o máis completo coñecemento destes.
- Proxecto de contenerización para RSU e proxecto de contenerización das "illas" de recollida selectiva.
- Frecuencias, horarios e quendas de traballo.
- Planos das rutas coa ubicación dos contedores.
- Vestiario e material auxiliar do persoal.



- Características, tipoloxía e número de contedores. Plan de reposición dos contedores.
- Sistemas de control e vixilancia da organización da explotación do servizo.
- Estimación dos custos: medios técnicos, contedores, vestiario, combustible,...

4. Proxecto de Adecuación do Complexo Medioambiental de RSU da Mancomunidad de Concellos do Morrazo.

Conterá, como mínimo, a seguinte información para a execución das actuacións sinaladas no prego de técnicas:

- Memoria descritiva e resumida, das obras a realizar, xustificando a solución adoptada, tanto baixo o punto de vista técnico como económico.
- Planos das obras e instalacións que comprendan: plantas, alzados e seccións.
- Plan de control de calidade de obra que a empresa executará durante a realización da mesma.
- Prazo e programa de execución das obras.

Sobre 3, titulado: "Oferta económica", conterá a proposta económica consonte ó modelo recollido como Anexo II ós presentes pregos

Xunto coa referida oferta deberá presentar o orzamento anual dos servizos, co seguinte detalle

Os prezos deberán consignarse para cada servizo na forma de orzamentos anuais parciais de cada un dos servizos obxecto do concurso, o cálculo destes orzamentos anuais estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total anual a aboar pola Mancomunidad, distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo alomenos, os seguintes capítulos:

I.- Amortización-financiamento do investimento total, de vehículos, e calquera outro material inventariable así como instalacións indicando cada un dos custos de adquisición e construción. Terase en conta o prezo dos vehículos e dos colectores propiedade dos concellos e da Mancomunidad relacionados no anexo 3 que figurarán convenientemente identificados na súa valoración.

II.- Gastos de persoal obtido por aplicación dos prezos unitarios que o licitador considere máis idóneos detallando por servizos, número de empregados, categorías, días de servizo e dedicación.



III.- Gastos de combustibles e lubricantes relativos ós vehículos adscritos ós servizos.

IV.- Outros gastos fixos anuais de mantemento e reparación dos vehículos adscritos ós servizos, así como, vestuario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións e outros que teñan incidencia no contrato.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución material sobre os que se aplicarán as porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (determinando os licitadores estas dúas porcentaxes). Aplicando sobre o total, o imposto sobre o valor engadido (IVE) obterase o prezo final anual de cada un dos servizos obxecto do concurso (prerrecollida, recollida e transferencia).

A suma destes orzamentos anuais por servizo, da lugar ó prezo anual a satisfacer pola Mancomunidad ó concesionario.

A título indicativo e a efectos de que sexa tido en conta no estudo económico de custos sinálase que a estimación actual dos residuos recollidos nos tres concellos ascende a 28.000 toneladas anuais.

XIV.- GARANTÍAS.

Provisional: xunto coa documentación a que se refire a cláusula anterior, esixirase unha garantía provisional por importe do 2 % do prezo do contrato, aportando o documento que acredite que foi constituída na Tesourería da Mancomunidad situada no Concello de Bueu. Dita garantía extinguirase automaticamente e será devolta ós licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato. En todo caso, a garantía do adxudicatario será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva e incautada ás empresas que retiren injustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario deberá constituí-la garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo de quince días hábiles dende a notificación da adxudicación provisional.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuio caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

Esta garantía poderá diminuírse cada catro anos en virtude do prazo de duración que resta ó contrato.

As garantías poderán seren constituídas en calquera dos medios recollidos no artigo 84 LCSP.



XV.- APERTURA DE PLICAS E COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

1.- A apertura de proposicións presentadas terá lugar ás dez horas do terceiro día hábil, agás sábados, no Concello de Moaña sede da Mancomunidad, e perante a Mesa de Contratación. No suposto de que a esa data non se tiveran recibido as proposicións, que previo aviso, se tivesen enviado por correo, o acto de apertura aprazarase ata o día seguinte ó de recepción da última delas, notificándose esta circunstancia ós licitadores.

A Mesa cualificará previamente en acto non público os documentos presentados en tempo e forma no sobre 1. Se observase defectos materiais na documentación presentada poderá conceder un prazo non superior ós tres días para que o licitador os subsane. Neste caso fixarase outra nova data para a apertura do sobre 2, unha vez transcorrido o prazo outorgado para a subsanación de erros. Se a documentación fora correcta ou os erros non foran considerados materiais procederase á apertura en acto público e por orde de presentación do sobre N° 2 das proposicións admitidas.

O secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un dos sobres.

De conformidade co disposto no artigo 134 LCSP a avaliación das ofertas conforme ós criterios cuantificables pola mera aplicación de fórmulas se realizará tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios nos que non concurra dita circunstancia.

Así, tras a admisión dos licitadores procederase pola mesa de contratación, en acto público, previamente notificado ós licitadores, á apertura do sobre 2, remitíndose a documentación integrante da mesma ó comité de expertos para a súa avaliación segundo o previsto nos presentes pregos.

Unha vez efectuada a valoración referida procederase pola mesa de contratación, en acto público, previamente notificado ós licitadores, á apertura do sobre 3, coa oferta económica.

A Mesa de Contratación, en aplicacións dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos, elevará ó órgano de contratación, no prazo de quince días a proposta pertinente que incluírá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados, podendo non facelo se ningún dos concorrentes cumprira as condicións ou se as proposicións presentadas non resultaran convenientes.

A Mesa de Contratación ou os equipos informantes poderán pedir aclaracións das ofertas presentadas para unha mellor comprensión e valoración destas.

2.- A Mesa de Contratación estará integrada da seguinte forma:



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

PRESIDENTE: o Presidente da Mancomunidad, ou membro da Mancomunidad en quen delegue.

VOCAIS:

- Tres membros da Xunta da Mancomunidad designados pola mesma.
- O interventor da Mancomunidad.
- A secretaria da Mancomunidad.
- O Tesoureiro da Mancomunidad.

SECRETARIO: Unha funcionaria adscrita ó servizo de Secretaría da Mancomunidad.

De conformidade co sinalado no artigo 134 LCSP constituirase un comité integrado por:

- Un técnico designado pola Presidencia a proposta da Universidade de Vigo.
- Un técnico na materia nomeado pola Presidencia a proposta da Consellería de Medio Ambiente
- A xerente da Mancomunidad.
- O interventor da Mancomunidad.
- A secretaria da Mancomunidad.

A Secretaria formará parte ós efectos de dación de fe e asesoramento legal, en tanto que o Interventor do asesoramento económico-financeiro.



XVI.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 86 da Lei de Contratos das Administracións Públicas os criterios que servirán de base para a adxudicación do concurso son os seguintes:

1.- A maior baixa ofertada respecto ó prezo máximo de licitación 20 puntos.

As demais ofertas valoranse de forma proporcional á baixa presentada.

Só serán obxecto de valoración aquelas baixas iguais ou superiores ó 5% do prezo de licitación.

2.- Mellora do canon: ata 5 puntos

Só serán obxecto de valoración aquelas ofertas iguais ou superiores ó 5% do canon fixado.

3.- As melloras que cada licitador propoña respecto dos servizos previstos nos pregos de condicións técnicas: ata 20 puntos.

As melloras estarán claramente identificadas, cuantificadas e valoradas economicamente. En todo caso estarán relacionadas cos servizos obxecto deste concurso e non poderán repercutirse no estudo de custo dos servizos.

Considerarase mellora:

- O aproveitamento de outros materiais reciclables, non contemplados no Prego como: textís, madeira, metais, procedentes de voluminosos, etc. Ata 5 puntos

- Plan de recollida específica de restos vexetais procedentes de limpeza de xardíns e fincas particulares. . 5 puntos

- Plan de recollida específica de restos comerciais. Ata 5 puntos

- En canto a contenerización terán a consideración de mellora: Ata 5 puntos

1.- O reforzo dos puntos de gran produción.

2.- A identificación dos contedores por código de barras

4.- As melloras que cada licitador propoña respecto do proxecto de adecuación da planta de residuos: 10 puntos.

Terán especialmente a consideración de melloras:

O uso de enerxias renovables no normal funcionamento do Complexo medioambiental Calquera actuación encamiñada a mellorar a imaxe e coidado do entorno do Complexo

5.- Mellor organización e prestación do servizo en función da calidade do proxecto presentado que desenvolva de forma completa os servizos obxecto de contratación: ata 15 puntos.

Para valorar este criterio teranse en conta os seguintes aspectos:



A aportación da totalidade dos datos esixidos, a xustificación técnica dos traballos, equipos e medios persoais en base a medicións, rendementos e viabilidade do proxecto no seu conxunto.

A organización e plans de traballo diferenciados para cada un dos servizos obxecto do concurso a súa interrelación así como a planificación dos servizos xerais da empresa, con respecto ós mencionados servizos.

6.- Medios técnicos, material móbil e demais equipos: ata 10 puntos.

Para valorar este criterio teranse en conta os seguintes aspectos:

- Características técnicas dos vehículos
- Xustificación dos medios propostos a súa adaptación ós traballos a realizar así como a súa versatilidade.
- Plan de mantemento.

En todo caso os contedores han de cumprir a UNE EN-840 e UNE EN-12574

7.- Xestión do punto limpo, nas instalacións que a Mancomunidad poña a disposición do Contratista, ata 10 puntos.

8.- Programa de sensibilización e concienciación cidadá en materia de recollida selectiva, valorándose especialmente actividades e propostas innovadoras encamiñadas a implicación cidadana na redución e separación en orixen dos distintos componentes do lixo: concursos, xogos na rede, organización de visitas as instalacións: colexios, colectivos.....etc., ata 10 puntos.

9.- Programación de controis da organización da explotación dos servizos proposto polos licitadores: ata 5 puntos.

10.- Os programas de formación e capacitación en materia de seguridade e saúde laboral: ata 5 puntos.

11.- Mellora na oferta económica de retirada da maquinaria non reutilizable: ata 2 puntos.

Só serán obxecto de valoración aquelas ofertas iguais ou superiores ó 20% do prezo fixado.

Terán a consideración de ofertas temerarias aquelas que presenten un prezo inferior nun 10% á media das ofertas de todos os licitadores.

A valoración dos apartados 1 e 2 realizarase obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática.



XVII.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarse no perfil do contratante, e os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

XVIII.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcurran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique no perfil do contratante o acordo de adxudicación provisional

Durante dito prazo o adxudicatario provisional deberá:

.- Presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

.- Constituir a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 LCSP.

XIX.- FORMALIZACION DO CONTRATO.

O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo dentro do prazo dos quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, puidéndose elevar a escritura pública cando o contratista o solicite sendo a súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

O adxudicatario presentará antes da sinatura do contrato, á acreditación do Imposto de Actividades Económicas e o pago dos gastos sinalados nos apartados a) e d) da cláusula seguinte.

No caso de resultar adxudicataria do contrato unha UTE, deberá estar constituída previamente á sinatura do contrato.

XX.- GASTOS.

O adxudicatario estará obrigado a pagar tódolos seguintes gastos:

a) De publicación de anuncios de licitación e adxudicación en diarios oficiais.



b) Calquera outros gastos que se orixinen con ocasión da execución da totalidade das prestacións obxecto do contrato.

c) Gastos dos informes técnicos que no seu caso encargue a Mesa de Contratación para a ponderación obxectiva dos criterios de adxudicación do concurso (*ata un máximo de 6.000,00 €-*).

d) Serán por conta do adxudicatario o pago de tódolos salarios/indemnizacións, seguros sociais, impostor, contribucións, arbitrios, e demais gravames establecidos polo estado, provincia ou municipio que pesen sobre o contrato ou sobre o obxecto deste, aínda cando algúns deles poidan seren repercutibles.

XXI.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES CONTRATANTES.

1.- O concesionario está obrigado ó cumprimento das obrigas que con carácter xeral establece o regulamento de servizos das corporacións locais do 17 de xuño de 1955 e demais disposicións legais ou regulamentarias que especificamente resulten aplicables ó obxecto da concesión.

2.- No prazo de un ano a partir do inicio do periodo definitivo todos os servizos obxecto desta concesión deberán estar en posesión da certificación iso 14001.

A tal efecto dentro do primeiro trimestre do ano deberán acreditar documentalmente a obtención da mesma.

3.- Correspóndelle ó concesionario en especial o cumprimento das obrigas que de seguido se recollen:

a) Executa-los traballos na forma, tempo e condicións establecidas no prego de condicións técnicas, e facilitar á Mancomunidad relación nominal e mensual dos operarios que realizarán o traballo.

b) Cumpri-las disposicións laborais, de Seguridade Social, de seguridade e saúde laboral respecto ó seu persoal. Para tal efecto está obrigado a presentar con periodicidade mensual os xustificantes de tales obrigas no departamento de Intervención da Mancomunidad.

c) Indemniza-los danos e perdas que se causen a terceiras persoas nos termos previstos no artigo 198 da LCSP, e conforme co previsto no apartado letra c) do artigo 256 e demais disposicións concordantes.

d) Responder con cargo a garantía definitiva e previo expediente de contratación de danos e perdas de calquera índole que se orixinen en razón do contrato á administración contratante. En caso de insuficiencia aplicarase a vía de constrinximento sobre o patrimonio. Nestes casos a garantía definitiva terá que ser repostada.

e) A dotación e mantemento en correctas condicións de uso do material necesario e sempre de acordo co proposto polo adxudicatario para a prestación do servizo en especial os



vehículos, ferramentas, instalacións fixas, aportando a documentación que xustifique as respectivas adquisicións.

f) Subscribir unha póliza de responsabilidade civil en contía mínima de 600.000 €, para cubri-las continxencias específicas que poidan derivarse da execución do presente contrato.

g) Cumpri-lo contrato conforme coas obrigas establecidas no prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

h) Será obrigatorio o emprego da lígua galega nas súas relacións de empresa coa Mancomunidad e cidadáns.

i) A obriga de subroga-lo persoal actualmente adscrita ó servizo relacionado co anexo nº 4 nas modalidades de contratación laboral que cada empregado ostente.

l) Responsabilizarse da falta de aseo, decoro, uniformidade, descortesía e maltrato que o persoal ó seu servizo observe con respecto dos cidadáns.

m) Responsabilizarse de que os traballos se executen sen producir ruídos excesivos durante a prestación dos servizos e os traslados ós centros de traballo

n) Facerse cargo da totalidade dos vehículos e maquinaria que figuran no anexo 3 que a administración contrate cederá en uso ó adxudicatario. Neste sentido o licitador efectuará unha valoración do material indicado que deberá terse, en conta no seu estudo económico a realizar para o cálculo do prezo contractual.

ñ) Facilitar á Mancomunidad a fiscalización da xestión do servizo para o que permitirá a inspección das instalacións e locais e a documentación relacionada co obxecto da concesión.

o) Solicitar e obte-las licenzas de obras e instalacións perante o concello correspondente, debendo o proxecto que presenten cumpri-las ordenacións urbanísticas.

p) Facilitar á Mancomunidad canta información lle sexa requerida para a comprobación do bó funcionamento do servizo.

q) Manter o servizo no cumprimento das obrigas derivadas da normativa que, en cada momento, resulte de aplicación, sin que poida reclamar por dita obriga desequilibrio económico-financeiro.

r) As demais obrigas recollidas no prego de condicións técnicas.

3. No relativo á explotación do Complexo Medioambiental o concesionario terá as seguintes obrigas:

a) Mante-lo funcionamento normal do complexo de forma ininterrompida.

b) Conservar en perfecto estado tódolos elementos e instalacións.

c) Manter adecuadamente tódalas instalacións e os equipos, de acordo co programa de actuación que especificará o contratista, como mínimo, de forma esquemática, para o seu posterior desenvolvemento na justificación.

d) Facer tódalas xestións que sexan precisas para que os residuos sexan tratados de acordo coas especificacións dos anexos do prego de condicións técnicas e facer fronte, ó gasto que isto supoña.

e) Conservar adecuadamente tódolos elementos anexos ó complexo, como son: xardíns, caseta de servizos,... etc., procurando que o seu aspecto sexa sempre o mellor posible.



- f) Adquirir tódolos materiais, productos e subministracións necesarias para o mantemento, conservación e explotación adecuados, reparando e repoiñendo tódolos materiais deteriorados do complexo.
- g) Manter en perfecto estado de limpeza tódolos elementos mecánicos, instalacións, uniformes,... etc.
- h) Asumi-la responsabilidade dos danos que poidan ocasionarse na explotación do complexo.
- i) Será por conta do concesionario tódalas operacións de tratamento e transporte dos residuos que non se poidan recepcionar no complexo medioambiental, e sexa preciso a utilización doutras instalacións especiais.
- j) Contratar pólizas de seguros con cobertura polos danos ás instalacións e ó persoal da planta que traballe no complexo.
- m) Rexistrar e analiza-las características dos parámetros que definan o proceso para o seu control e funcionamento óptimos.
- o) Comunicar inmediatamente a Mancomunidad calquera incidencia que afecte ás instalacións ou ó nivel de tratamento e vertido.

- p) Executar as obras de adecuación e posta en funcionamento da planta de tratamento segundo o proxecto aprobado e os pregos de condicións técnicas.
- q) Manter o Complexo no cumprimento das obrigas derivadas da normativa que, en cada momento, resulte de aplicación, sin que poida reclamar por dita obriga desequilibrio económico-financeiro.
- r) As demais obrigas recollidas no prego de condicións técnicas.

2. Son dereitos do concesionario:

- a) Percibi-lo prezo do contrato na contía, tempo e forma establecidos neste prego sen prexuízo do sinalado na cláusula V deste prego.
- b) Obte-la compensación económica para mante-lo equilibrio financeiro da concesión cando cpncorra algunha das circunstancias previstas no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- c) Utiliza-los bens de dominio público necesarios para prestación do servizo.
- d) Percibi-los ingresos da comercialización dos subproductos obtidos do funcionamento da Planta de compostaxe e dos procedentes da recollida selectiva en particular o importe de "extracustos" que os S.I.X. destinan ás operacións de recollida selectiva de envases e clasificación cando realice tales operacións. Neste aspecto o concesionario quedará subrogado nos convenios que os concellos teñan formalizado coas sociedades ECOEMBES e ECOVIDRO.
- e) Calquera outros que estén legal ou reglamentariamente recoñecidos ou figuren con tal carácter no prego de cláusulas administrativas ou de condicións técnicas obxecto deste contrato.



XXII.- INSPECCIÓN DO SERVIZO.

Correspóndelle á Mancomunidade a facultade de inspección, control e fiscalización da xestión do servizo, en canto que titular dos poderes de policía sobre o servizo.

En execución dos poderes de policía e vixilancia realizará auditorías que, como mínimo con carácter anual, versarán sobre a execución do contrato e a prestación do servizo, segundo o recollido no prego de condicións técnicas.

Así mesmo, con carácter anual, a concesionaria remitirá unha copia do informe de auditoría das contas anuais unha vez que estas estean aprobadas pola Xunta Xeral.

XXIII.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1. A Administración poderá modificar por razóns de interese público as características do servizo contratado de conformidade co disposto no artigo 202 e 258 LCSP.

2. O contrato poderá ser modificado como consecuencia da inclusión da Complexo Medioambiental dentro da Rede Autonómica.

Asimesmo poderá ser modificado pola implantación de novos métodos na evolución dos sistemas de prerecollida, recollida, tratamento e transporte de RSU segundo o normal estado dos coñecementos técnicos.

2. Cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ó contratista de xeito que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

No caso de que os acordos que dicte a Administración respecto ó desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica o contratista non terá dereito a indemnización por razón dos mesmos.

3. A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a. Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.

b. Cando actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura sustancial da economía do contrato.

c. Cando causas de forza maior determinaran de forma directa a ruptura sustancial da economía do contrato. A estos efectos, se entenderá por causas de forza maior as enumeradas no artigo 214 da LCSP.



Nos supostos previstos no apartado anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato se realizará mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas a aboar polos usuarios, a redución do prazo do contrato e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

XXIV.-RÉXIME SANCIONADOR. INFRACCIONS E SANCIÓN.

O contratista estará obrigado ó cumprimento do contrato con estricta suxección ós pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas, ó proxecto de explotación e ás melloras ofertadas e aceptadas pola Mancomunidad e as ordes que se emitan por ésta a través da persoa ou autoridade que corresponda, para a mellor prestación do servizo, dende o criterio prevalente da Mancomunidad e o respecto ó equivalente financeiro da contrata. A tal efecto os servizos contratados estarán sometidos permanentemente á inspección e vixilancia da Mancomunidad a través do persoal designado ó efecto.

A imposición de sancións por deficiente prestación dos servizos será independente das deducións dos servizos non prestados, ou de servizos efectuados deficientemente.

As infraccións que cometa o concesionario poderán seren tipificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de faltas **MOI GRAVES** as seguintes:

- A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa da mancomunidad sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.

- A acumulación de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.

- O incumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.

- A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó concesionario, por un prazo que exceda de 48 horas salvo nos supostos de folga no imputables o contratista.

- A resistencia reiterada ós requirimentos efectuados pola Administración mediante resolución expresa, cando produza un prexuízo grave á execución do contrato respecto, de prestacións esenciais.



- A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e ñas ofertas do contratista cando produzan un prexuízo grave na execución do contrato.

- A prestación dos servizos notoriamente deficiente, irregular ou incompleta que cause perigo para a saúde pública, incomodidade ou prexuízo grave ós cidadáns salvo que figure tipificada especificamente noutro apartado.

- Destina-los medios materiais e persoais a tarefas diferentes das propias da concesión ou de outro servizo municipal con ou sen percepción de contraprestación ou renumeración.

- A modificación na prestación do servizo sen previa autorización da Mancomunidad.

Terán a consideracion de faltas **GRAVES** as seguintes:

- A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen riscos para a saúde.

- A falta de limpeza e aseo na maquinaria e vehículos que prestan os servizos na poboación, sempre que non se subsane a falta dentro das 48 horas seguintes, dende que se comunicase a existencia da mesma

- A desobediencia reiterada por máis de dous veces respecto da mesma cuestión, das ordes escritas da Presidencia, relativas a orde, forma e réxime dos servizos segundo o contrato ou a reposición do material inservible.

- O retraso ou interrupción dalgún servizo por máis de nove horas ó mes ou vintecatro ó ano.

- A percepción polo concesionario ou polo persoal o seu servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación deste servizo, sempre que neste último caso, tendo coñecemento o concesionario, este non adoptara as necesarias medidas para evitalo.

- A resistencia os requirimentos efectuados pola Administración, ou a súa inobservancia, que non teñan carácter de moi grave.

- A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos no proxecto, nos pregos e nas ofertas do contratista, no seu caso.

- A non utilización polo persoal de dispositivos reflectantes en horario nocturno ou diurno se neste último caso as circunstancias meteorolóxicas así o esixen.

- A utilización de vehículos en mal estado de lavado, pintura, de carrocería ou outras deficiencias mecánicas.

- A utilización de vehículo que traballe sen luces ou outros dispositivos de seguridade previstos na súa homologación.



- A utilización dun material diferente ó requerido por cada traballo específico.
- Deixar de recoller, sen causa xustificada, o lixo aínda que non estea depositado nos colectores. O deficiente estado de conservación das intalacións, en canto á limpeza, estrutura e estética.
- Manipula-los colectores de forma que poida provoca-lo seu deterioro e non deposítalos nos lugares axeitados e en condicións que eviten o seu desprazamento.
- A acumulación de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.
- Omisión do deber de comunicar situacións contrarias ó bo estado de limpeza ou de recollida, cando sexan relevantes.

Terán a consideración de faltas **LEVES** as seguintes:

- A falta de aseo ou uniforme regulamentario do persoal ó servizo do concesionario cando se trate de casos aillados.
- A mera interrupción ou imperfección na prestación dalgún servizo de escasa entidade.
- O retraso inxustificado de comezo dos servizos cando este requisito sexa esixible e non ocasione prexuízos relevantes.
- Falta de respecto ó público, ou axentes da autoridade.
- Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación deste.
- Outros incuprimentos de normas específicas previstas nos pregos e que non constituen infracción doutra natureza.

Sancións:

- Faltas leves: multa de ata 3.000 €
- Faltas graves: multa de contía comprendida entre 3.001 € e 30.000,00 €.
- Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 30.000,00 € e 300.000,00 €.

As contías das sancións entenderanse actualizadas en función da variación do IPC para o conxunto do estado publicado polo INE ou organismo que o substitúa.



Tanto o importe das multas como os das responsabilidades administrativas poderanse esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penáis.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar en caso de incumprimento na prestación dos servizos.

Procedimento

As sancións impóranse previa incoación e instrucción do correspondente expediente sancionador con audiencia ó concesionario.

O expediente sancionador iníciase por resolución da Presidencia a proposta dos servizos técnicos, nomeando Instructor e Secretario, do prego de cargos formulado polo Instructor cos medios de proba correspondentes, darase traslado ó contratista para que nun prazo de dez días hábiles presente as alegacións que considere oportunas.

Finalizado dito prazo polo Instructor elevarase proposta de resolución, cuxa resolución corresponderá á Xunta da Mancomunidad cando se trate de faltas moi graves e ó Presidente cando se trate de faltas graves ou leves.

De non satisfacerse dentro do termo as sancións impostas faranse efectivas de acordo coa prelación seguinte:

1.- Compensaranse coas débedas que teña pendentes a Mancomunidad de Concellos do Morrazo co concesionario. O Concesionario autoriza expresamente á Mancomunidad o aceptar o prego para que se proceda a dita compensación.

2- Incautación da garantía definitiva en importe necesario para cubrir a multa imposta. A tal efecto o contratista haberá de completar a garantía incautada.

3.- En canto o abonamento do importe das multas non quede cuberto na súa totalidade pola garantía definitiva, o concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previsto na Lei 30/1992, de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable o caso.

XXV.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución do contrato:

a) O transcurso do prazo concesional, momento no que revertirán os bens á administración, co alcance que se establece na cláusula XXV "reversión".

b) As previstas con carácter xeral nos artigos 206 LCSP, e con carácter específico o artigo 262 e concordantes de aplicación á xestión de servizos públicos.



c) Tamén rexerán como causas de resolución as previstas no artigo 127 e concordantes do Regulamento de servizos das corporacións locais.

d) A sanción de dúas faltas moi graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.

XXVI.- INTERVENCIÓN DO SERVIZO.

Réxime xeral.- Se do incumprimento do contrato por parte do adxudicatario se derivase unha perturbación do servizo ou se producise unha lesión dos intereses públicos e non reparable por medios ordinarios e o concello non decidise unha resolución do contrato, o ente concedente poderá acordar intervir o servizo ata que estas causas desaparezan.

A intervención terá carácter sancionador cando supoña unha reacción fronte un incumprimento grave imputable o concesionario. Non terá este carácter sancionador cando o servizo sega prestándose por causas fortuitas ou de forza maior que o concesionario non poida superar polos seus propios medios.

O período máximo de intervención non pode exceder , en todo caso, de 6 meses.

Intervención parcial.- A demora superior a 15 días no cumprimento das obrigacións laborais e prestacións esenciais do contrato habilitará Mancomunidad de Concellos do Morrazo para intervir totalmente ou parcialmente da xestión do servizo. A intervención parcial da xestión por calqueira causa poderá instrumentalizarse mediante o pagamento directo das retribucións, indemnizacións e cotas da seguridade social, a repercutir o concesionario por desconto sobre a contraprestación, por incautación da garantía definitiva ou pola vía de prema.

XXVII. REVERSIÓN.

1.- Á finalización do prazo concesional ou de resolución do contrato calquera que sexa a súa causa, revertirán en propiedade á administración contratante os seguintes bens adscritos á concesión:

- a) O Complexo Mediambiental do Morrazo.
- b) Os edificios, instalacións fixas correspondentes ó garaxe-almacén-taller, no seu caso.
- c) A totalidade do material móbil e elementos auxiliares.

Tamén revertirán os bens de igual natureza que os anteriores que a petición da administración o concesionario incorpore ó servizo durante a vixencia do contrato. O valor residual que a concesionaria obteña polo alleamento dos medios técnicos no momento de realiza-los investimentos de reposición-, será deducido destas para os efectos do cálculo das cotas de amortización dos novos elementos. Así terase en conta esta nova anualidade



corrixida para comparar coa cota de amortización inicial á que nos referimos na revisión de prezos da cláusula VII deste prego.

Na reversión de obras e instalacións e material mobil estarase ó previsto no artigo 259 LCSP e 131 do regulamento de servizos das corporacións locais.

2.- Se do incumprimento, por parte do contratista, se derivara perturbación grave non reparabile por outros medios no servizo público e a Mancomunidad non decidirá a "resolución do contrato, poderá acorda-la intervención deste ata que a causa de perturbación desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e perdasque efectivamente irrogase.

XXVIII.- RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA.

A efectos do cumprimento do contrato, seis meses antes da súa extinción comezará o procedemento de reversión mediante a emisión dos correspondentes informes técnicos e comprobación do estado de conservación no que se atopen as obras e instalacións, e elementos auxiliares do contrato, así como o seu funcionamento.

Finalizado o contrato, a concesionaria entregará á Mancomunidad tódolos bens revertibles, para o que se extenderán as oportunas actas de recepción e se producirán as pertinentes inscricións rexistras e transferencia dos vehículos.

Transcorrido o prazo dun ano desde a finalización do contrato sen que se producirá ningún prexuízo derivado da súa prestación, procederase a devolve-la garantía definitiva.

XXIX.- CONTINUIDADE DO SERVIZO.

Terminado o prazo de duración do contrato o concesionario queda obrigado a prestación do servizo ata que un concesionario ou a propia corporación preste directamente o servizo, sen que poida superar en ningún caso os 12 meses. Durante este período, o concesionario rexirase igualmente polas condicións estipuladas no presente prego.

DEREITO SUPLETORIO - DISPOSICIÓN FINAL

XXX.- DEREITO SUPLETORIO.

No caso de existir contradicción entre o disposto nos pregos técnicos e os pregos administrativos estarase ó disposto nestes últimos.

No non previsto neste prego rexerese, polo disposto na normativa vixente de conformidade co disposto na seguinte prelación de fontes:

.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de Réxime local



.- Texto refundido da Lei de Contratos das administracións públicas, no seu contido básico determinado segundo a disposición final primeira; Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, nos aspectos básicos de desenvolvemento da Lei de contratos.

.- Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, nos seus aspectos básicos

.- Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

.- Texto refundido da Lei de Contratos das administracións públicas e Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, nos aspectos non básicos.

.- Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, nos seus aspectos considerados non básicos

.- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de Xuño de 1955

.- Outras disposicións administrativas aplicables

.- En defecto de dereito administrativo, se estará o disposto no dereito privado.

DISPOSICIÓN FINAL.

O contratista someterase ó órgano do orden contencioso administrativo de Pontevedra , para a substanciación de todas as incidencias que puideran xurdir como consecuencia do cumprimento do contrato ou da súa interpretación.

A Mancomunidad de Concellos do Morrazo ostenta as prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que afecten o seu cumprimento, sen prexuízo da obrigada audiencia o contratista.



ANEXO I

1.- OBXECTO DO CONTRATO:

- SERVICIO: **“PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO”**

2.- TIPO DE LICITACIÓN: DEZASEIS MILLÓNS QUINIENTOS NOVENTA MIL CENTO TRES EUROS con VINTE CÉNTIMOS (16.590.103,20 €).

- Orzamento sen IVE: 15.504.769,16€
- IVE a soportar pola Administración: 1.085.334,04 €
- Anualidades con IVE:
 - 2.073.762,90 €

3.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA.

- PARTIDA ORZAMENTARIA: 442.227000
- FINANCIAMENTO: MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

4.- PRAZO DE EXECUCIÓN: 8 ANOS

5.- PRAZO DE GARANTÍA: 1 ANO

6.-PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN: ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA, VARIOS CRITERIOS

7.- GARANTÍAS ESIXIBLES:

- Provisional:
- Definitiva: 5% do prezo de adxudicación.

8.- VARIANTES.

As sinaladas nos pregos

9.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

30 días naturais dende a última publicación, no BOP ou DOG.

10.- PERFIL DO CONTRATANTE

<http://www.mancomunidadedomorrazo.org/>



ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D , con DNI n ° , en nome propio (ou en representación de), informado do concurso convocado pola Mancomunidad de Concellos do Morrazo para a contratación da xestión dos servizos de prerrecollida, recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n° de data, solicita a súa admisión neste e fai constar:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

2.- Propón como importe de contrato para a totalidade dos servizos obxecto de contratación o deeuros. (IVE incluído), o que implica, en virtude do prazo de duración, un importe anual de euros./ano (IVE incluído).

O importe parcial anual desglósase da seguinte forma e que surtirá efectos contractuais no caso de revisión extraordinaria ou modificacións parciais do contrato:

a) Prerrecollida euros/ano.

b) Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e outras recollidas diferenciadas:.....euros/ano.

c) Transferencia de R.S.U. no complexo medioambientaleuros/ano.

3.- Fixa como prezo do contrato para o período transitorio a que se refire o apartado 4 da cláusula I deste prego o de..... euros./mes, (IVE incluído).

4.- Fixa como canon de explotación do contrato a que se refire a cláusula V deste prego:

Lugar, data e sinatura do licitador.



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

ANEXO III: AVAL

A entidade (*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca*), NIF, con domicilio (*a efectos de notificacións e requerimientos*) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (*nome e apelidos dos apoderados*), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (*nombre y apellidos o razón social del avalado*), NIF, en virtude do disposto por: (*norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía*) para responder das obrigas següentes: (*detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantizado*), ante a Mancomunidad de Concellos do Morrazo, por importe de: (*en letra e en cifra*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requerimiento da Mancomunidad de Concellos do Morrazo, con suxección ós termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que a Mancomunidad de Concellos do Morrazo ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice a súa cancelación ou devolución dacordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público Administracións Públicas e lexislación complementaria.

(Lugar e data)
(razón social da entidad)
(sinatura dos apoderados)



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

E así elévanse, por esta Presidencia á Xunta de Goberno, para, tralos informes oportunos, sexa tomado acordo polo órgano competente ó respecto.

Moaña, a 21 de setembro de 2009
O PRESIDENTE

DILIXENCIA.- Exténdese, como secretaria, para facer constar que o presente prego, que consta de 35 páxs, ésta incluída, todas elas en papel timbrado, rubricadas por min e seladas co desta Mancomunidad, foi aprobado pola Xunta de Mancomunidad en sesión de data 21 de setembro de 2009

Moaña, 21 de setembro de 2009

A SECRETARIA

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña